

O terceiro exercicio das probas selectivas para o acceso á Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e Museos, subgrupo C1, celebrarase o sábado 22 de outubro, ás 9:30 h na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Avda. Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela).

O terceiro exercicio das probas selectivas para o acceso á Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e Museos, subgrupo C1, celebrarase o sábado 22 de outubro, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Avda. Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes poderán acceder ao centro a partir das 9:15 h. O chamamento realizarase a partires das 9:30 h.

O Tribunal encargado das probas acordou publicar as seguintes

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO 3º EXERCICIO

1. INSTRUCCIÓNS (*por favor, léaas atentamente*)

SERÁN CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO:

- Comezar a realización do exercicio antes de que o Tribunal o autorice.
- Continuar escribindo cando o Tribunal indique que o tempo de exame rematou.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante neste proceso.
- A utilización de teléfonos móbiles, axendas ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Estes dispositivos deberán estar fóra das mesas onde se realizarán os exercicios.

INSTRUCCIÓNS XERAIS

Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.

A hora de inicio e remate do exame serán indicadas polo Tribunal. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de dúas horas.

Permitirase ás persoas que así o desexen abandonar a aula durante os primeiros 10 minutos da proba. Pasado este tempo, non se permitirá a saída definitiva da aula ata que remate o tempo establecido para a súa realización (120 minutos).

Vostede, como participante neste proceso, ten a obriga de entregar as follas de respostas do exame.

Cando finalice o tempo do exercicio, o Tribunal dará as instrucións oportunas para entregar o exercicio, así como para saír da aula de forma ordenada.

No caso de ter algunha dúbida pregunte unicamente aos membros do Tribunal.

Se vostede o precisa, pode solicitar ao Tribunal un certificado de asistencia ao exercicio.

MEDIDAS DE SEGURIDADE COVID-19

Aínda que non existe a obriga de utilizar a mascarilla hixiénica de acordo coa normativa da Universidade en relación á COVID-19, recoméndase o seu uso debido á acumulación de persoas nun espazo limitado. O seguimento desta recomendación é máis importante para as persoas consideradas vulnerables segundo os criterios do Ministerio de Sanidade.

2. CRITERIOS DE CORRECCIÓN

O exercicio consiste na resolución de dous supostos prácticos a elixir entre tres propostos polo Tribunal. Cada suposto versará sobre o Bloque A do programa da convocatoria e estará desagregado en 15 preguntas curtas.

Cada suposto práctico será cualificado de 0 a 17,50 puntos, sendo necesario para superar este exercicio un mínimo de 17,50 puntos e non acadar menos de 5 puntos en cada un dos dous supostos prácticos escollidos.

Valorarase, ademais da correcta resolución dos supostos, a corrección da expresión escrita e a claridade de ideas.

A presidenta do Tribunal

Marie-Pierre Bouyssou

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIE-PIERRE BOUYSSOU POINCHEVAL, NIF ***8405**, 07/10/2022 08:59:19.

CSV: 7339-FABD-4177-8740